



FICHA ISAD(G) DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS

1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Código(s) de referencia	ES.GA.36057.AM.VIG.14
Título	ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS
Datas	1886-1993
Nivel de descrición	Fondo
Volume e soporte	10 unidades de instalación con 420 expedientes ou agrupacións documentais en soporte papel na súa totalidade

2.- ÁREA DE CONTEXTO

Nome do produtor	Concello de Vigo. Escola Municipal de Artes e Oficios
<i>Historia administrativa (ISAAR)</i>	<p>A Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) está situada no emblemático edificio do arquitecto Pacewicz, doado por García Barbón á cidade.</p> <p>É o organismo autónomo do Concello de Vigo dedicado á formación en Artes e Oficios Artísticos que, de xeito gratuíto, imparte clases nas diferentes materias que os seus correspondentes plans de estudos establecen anualmente.</p> <p>A escola foi fundada en 1885 pola Sociedade de Socorros Mutuos La Cooperativa, por iniciativa do seu residente de honra e ex-ministro Eduardo Chao, e foi inaugurado o 26 de setembro de 1886. O seu obxectivo era o de facilitar a educación de mulleres e obreiros e outros colectivos que tiñan difícil acceso a instrución elemental. En 1888, co fin de facilitar o financiamento do centro, entregou a titularidade da escola ao concello vigués. En 1890 (en 1897 segundo outras fontes), José García Barbón encargou o arquitecto Michel Pacewicz o deseño dun edificio que albergara a escola, que se inaugurou en 1900. O edificio posteriormente foi doado a cidade a condición de que o ensino alí impartido fose gratuíto e que o concello da cidade xestionase o edificio. Tamén doou unha biblioteca de 5.000 volumes que se situou no edificio.</p> <p>Nos primeiros anos a formación impartida incluía aritmética, xeometría, debuxo lineal e artístico, esterotomía e música para os homes; para as mulleres as materias eran caligrafía, aritmética, teneduría, corte e confección.</p> <p>Até o franquismo a institución continuou coa súa filosofía, pero posteriormente adoptou o seu programa o ensino regrado, e máis adiante ampliou a súa oferta a novas expresións artísticas e a novas necesidades formativas.</p> <p>A partir dos anos 70 a Escola pasou a chamarse Universidade Popular de Vigo, seguindo modelos do momento, pero no ano</p>



2003 recuperou a súa denominación orixinal, o que lle obrigou a adaptar o seu currículo oficial as directrices deste tipo de centros. Dende 1998 ata 2002 o edificio foi pechado por reformas, e as súas aulas foron trasladadas, sen que se interrompera a actividade.

Recentemente, o Pleno do Concello de Vigo en sesión ordinaria do día 26 de outubro de 2015 adoptou o acordo para a modificación da modalidade de xestión directa dos Servizos Públicos de Educación, ocio e tempo libre e deportes, polo cal se decreta a extinción dos organismos autónomos a seguir.:

Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

Instituto Municipal dos Deportes (IMD).

Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).

Integráronse a partir do 1 de xaneiro de 2016 na estrutura municipal.

O edificio foi construído en dúas etapas. Na primeira construíuse a fachada principal de García Barbón e o primeiro treito da rúa de Pontevedra e concluíuse en 1900. O seu dono, José García Barbón, cedello ao concello para dedicalo a Escola de Artes e Oficios e Biblioteca Pública. En 1902 engádeselle un corpo novo para dedicado ao ensino para mulleres. Esta ampliación remata en 1904.

O conxunto presenta un carácter ecléctico cunha decoración que provoca unha aparencia de estilo neomedieval.

A fachada de García Barbón está disposta en tres corpos, dous máis adiantados que enmarcan o central, diferenciado tamén polo tratamento dos vans.

O carácter ecléctico da obra preséntase por cambiar a ornamentación, para diferenciar cada un dos andares, remarcado tamén por unha moldura que percorre as liñas de imposta decoradas cunha cinta vexetal nos tramos centrais.

No primeiro andar destaca un amplo van con mainel que se decora no antepeito cunha galería cega de pequenos arcos de medio punto.

Na fachada da rúa de Pontevedra destaca o balcón, con arcos de medio punto nas varandas, os mesmos que vemos na coroación do inmovible. En canto o van que coroa o balcón, aparece decorado cunha cinta vexetal e no sobrelintel un arco en cortina, decorado con cardas e un pináculo no centro que se relaciona co gótico flamíxero.

O edificio anexo, engadido posteriormente, enlaza co anterior mediante un pórtico rematado en frontón conopial. A súa decoración é máis contida, no segundo andar destaca unha



	galería de vans alintelados e separados por columnas superpostas.
Institución arquivística	Arquivo municipal de Vigo
Historia arquivística	Esta documentación encontrábase deposita en caixas de arquivo separadas do fondo municipal pero sen ningún tipo de organización, clasificación ou descrición. Durante o proceso de reorganización dos fondos municipais iniciado no ano 2020 dotouse a esta documentación dun cadro de clasificación composto por catro seccións coas súas respectivas series documentais.
Forma de ingreso	Por transferencia
3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA	
Alcance e contido	O fondo da Escola Municipal de Artes e Oficios componse de 420 rexistros contidos en 10 unidades de instalación, sendo as datas extremas do conxunto os anos 1886-1993. A lonxitude do fondo é de 1 metro lineal. Este conxunto supón a parte conservada polo Concello de Vigo, mentres que a propia Escola Municipal de Artes e Oficios alberga no seu arquivo un fondo complementario. A maior parte dos rexistros son de carácter económico e administrativo, destacando polo seu volume e importancia os "Oficios da Xunta Directiva da Escola Municipal de Artes e Oficios remitindo resumo dos acordos das sesións", dispoñéndose de varias dúcias de rexistros entre os anos 1915 e 1935. Outra sección importante é a dedicada ao persoal, conservándose todo tipo de instancias, currículos ou exames de oposición de mestres da escola. O documento máis antigo dos conservados é o Regulamento da Escola Municipal de Artes e Oficios (1886).
Valoración, selección e expurgo	Non se realizou ningún expurgo dado a pequena dimensión do fondo e o seu carácter patrimonial e de conservación permanente.
Novos ingresos	Non se ten previsto realizar novos ingresos, aínda que boa parte da documentación deste fondo se encontra custodiada nas propias instalacións da Institución. Por outro lado, a nova documentación producida estará integrada no fondo municipal dada a súa total integración nas estruturas municipais.
Organización	O fondo da Escola Municipal de Artes e Oficios está organizado en base a un cadro de clasificación orgánico funcional estruturado do modo a seguir: 1.- ÓRGANOS DE GOBERNO (1886-1982) 1.1.- Consellos e Xuntas (1898-1982) 1.2.- Dirección (1886-1982) 2.- ADMINISTRACIÓN (1886-1988) 2.1.- Secretaría (1886-1983)



	2.2.- Matriculación (1908-1936) 2.3.- Persoal (1890-1988) 2.4.- Patrimonio e obras (1893-1974) 3.- ACTIVIDADE ACADÉMICA E DOCENTE (1892-1988) 4.- CONTABILIDADE (1890-1993)
4.- ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN	
Condicións que rexen o acceso	Documentación pública de libre acceso a excepción das limitacións legais derivadas das respectivas normativas vixentes.
Condicións de reprodución	Reprodución libre a solicitude do interesado, coa excepción da protección documental e da salvagarda da súa integridade.
Notas da lingua/escritura dos documentos	Castelán
Características físicas e requirimentos técnicos	
Instrumentos de descrición	Catálogo informatizado dispoñible en www.atopo.depo.gal
5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA	
Existencia e localización de orixinais	
Existencia de localización de copias	
Unidades de descrición relacionadas	Este fondo documental encóntrase fragmentado xa que unha boa parte da documentación histórica está depositada nas dependencias da propia Institución. Ambas partes do fondo serán organizadas en base ao mesmo cadro de clasificación para facilitar a súa reintegración no momento en que sexa posible.
Nota de publicación	
6.- ÁREA DE NOTAS	
Notas	Dadas as características da Institución e a súa evolución histórica tomouse a decisión de tratar esta documentación como un fondo documental separado do fondo municipal. Non obstante, e dado que actualmente a entidade está integrada por completo no organigrama municipal, a documentación producida no exercicio das súas funcións estará integrada na subfunción correspondente do cadro de clasificación municipal.
7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN	
Notas do arquivista	Descrición realizada polo persoal técnico do Arquivo municipal de Vigo e colaboradores
Notas do arquivista	Primeira versión: Marzo de 2021 Segunda versión: Setembro de 2021
Regras ou normas	General International Standard Archival Description, Second Edition, ISAD (G) Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA)



Data da descrición	Marzo de 2021
Estado de elaboración	Final
Nivel de detalle	Completo
Idioma	Galego
Fontes	